

Informe sobre a altura máxima dos peches vexetais no marco do previsto no artigo 38.2 do Plan Básico Autonómico de Galicia (Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU), que remite consulta formulada polo Concello de Carballo – Expediente XCP-26/019)

ANTECEDENTES

ÚNICO.- O 20.04.2026 tivo entrada no Sistema Único de Rexistro (núm. 2026/975327) oficio asinado pola directora da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, polo que se eleva á Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo unha consulta formulada polo Concello de Carballo, ao abeiro da competencia de asesoramento aos concello adheridos á APLU, consonte ao previsto no artigo 3 do estatuto desa entidade.

A consulta municipal, que tivo entrada o 15.04.2026 no Rexistro da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (núm. 771 / RX 1081942) se formula nos seguintes termos:

“A tramitación de numerosos expedientes en materia de limpeza de soares e tamén en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais ten xerado, ao longo dos anos, non poucos puntos de controversia.

Unha das cuestións máis recorrentes e para as que dubidamos se a normativa ofrece ou non todas as respostas é a relativa aos peches vexetais (habitualmente tullas, aínda que tamén de algunha outra especie) e as súas limitacións de altura.

O día 01/04/2026 remitiuse consulta ao respecto á Consellería do Medio Rural, quen clarificou que non existe normativa en materia agraria nin forestal que regule esta materia, mais si informou da previsión contida no artigo 38 do Decreto 83/2018, Plan Básico Autonómico, que limita a 2,50 metros de altura os peches vexetais en todo tipo de solos.

A Consellería do Medio Rural tamén recomenda redirixir a esa Axencia de Protección da Legalidade Urbanística para maiores averiguacións, ao tratarse de normativa urbanística e non agraria nin forestal a que regula esta altura máxima.

En liña co anterior, e en relación coa resposta ofrecida pola Consellería do Medio Rural, solicitamos unha aclaración máis respecto da aplicación do referido artigo 38 do Decreto 83/2018, que xa era coñecido pero xeraba dúbidas nunha aplicación concreta.

Así, enténdese que, cando as parcelas teñen un peche totalmente vexetal, ou ben un peche perimetral de obra sobre o que se coloca outro peche de material opaco limitado a 1,50 metros sobre o que se complementa un peche vexetal ou de malla metálica até os 2,50 metros, a altura máxima total é, efectivamente, 2,50 metros. Pero a dúbida que se xera é a seguinte: no suposto, tamén común, de que exista un peche construtivo, e, xusto pola parte interior deste, unha plantación lineal, co formato de peche, pero situado en paralelo polo interior do peche, esta plantación ten a consideración de peche vexetal e, polo tanto, élle de aplicación esa altura máxima de 2,50 metros?



O escrito municipal se acompaña dun informe emitido polo Servizo de Incendios Forestais do Departamento Territorial da Coruña da Consellería de Medio Rural en data 14.06.2026.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA.- Segundo o disposto no artigo 2.1.b) do *Decreto 36/2022, do 10 de marzo, polo que se crea e regula a Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo*, correspóndelle a este órgano consultivo a emisión de informes sobre a aplicación e interpretación da normativa vixente en materia de ordenación do territorio e urbanismo que sometan á súa consideración as entidades que figuran no seu artigo 15, entre as que se atopan as entidades locais de Galicia.

SEGUNDA.- O Concello de Carballo conta con Plan xeral de ordenación municipal aprobado definitivamente por Orde do 04.02.2016 da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio. A normativa está publicada no *Boletín Oficial da Provincia de Coruña* do 26.02.2016.

O PXOM está adaptado á *Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia*, polo que, ao abeiro do establecido no número un da disposición transitoria primeira da *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia* (en adiante, LSG), conservarán a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a ela, consonte as regras previstas na citada disposición.

TERCEIRA.- Con carácter previo, convén indicar que, de acordo co establecido nos artigos 49.2 da LSG, 90.2 do *Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia*, aprobado polo *Decreto 143/2016, do 22 de setembro* (no sucesivo, RLSG) e 8 do Plan Básico Autonómico de Galicia, aprobado polo *Decreto 83/2018, do 26 de xullo* (no sucesivo, PBA), este último terá carácter complementario do planeamento urbanístico municipal naqueles concellos nos que exista. En virtude do seu carácter complementario, será de aplicación para suplir as posibles indeterminacións e lagoas do planeamento municipal vixente, sen que en ningún caso se poida modificar a clasificación do solo nin alterar as determinacións do planeamento que complementa.

Sobre a interpretación complementaria do PBA xa tivo ocasión de pronunciarse a Comisión Permanente da Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo en varias ocasións, entre outros nos informes XCP-22/010; XCP-23/031; XCP 23/068; XCP 23/073; XCP 24/041; XCP-24/070; XCP-25/005; XCP-25/016 e XCP 25/058, que poden consultarse na seguinte ligazón:

<https://territoriourbanismo.xunta.gal/es/xunta-consultiva/informes-instruccions-es-tudos/relacion-informes-publicados>

Tal como indicamos no informe XCP-24/070, *"nun plano teórico a ausencia de regulación pode responder, ou non, a unha vontade implícita do planificador, polo que cabe aclarar o*



presuposto de feito que require da aplicación complementaria do Plan básico autonómico. A estes efectos, a falta de regulación dun parámetro na ordenanza constitúe unha indeterminación ou lagoa cando implica una imprecisión que imposibilita ou desvirtúa a execución inequívoca e coherente do plan e/ou se están a omitir determinacións propias dese concreto instrumento de planificación, de acordo co que establece a lexislación urbanística.”

O Título III do Anexo de Normativa e Ordenanzas do PBA regula as condicións xerais da edificación. Particularmente, no seu Capítulo IV “*Parámetros sobre parcelas*”, os artigos 38 e 39 da Normativa de PBA establecen as normas xerais e particulares dos peches de parcelas, respectivamente. No que afecta á consulta, o artigo 38 dispón:

“1. Con carácter xeral, permítese a construción de elementos de peche dos predios que deberán harmonizar cos peches existentes na contorna. Teranse en conta os exemplos e criterios recollidos na Guía de caracterización e integración paisaxística de valados, en particular, para as actuacións en solo rústico e núcleos rurais.

En calquera caso, deberán adaptarse ao establecido na normativa sectorial vixente, nomeadamente o establecido en materia de augas.

2. A altura máxima dos peches con material opaco será de 1,50 metros. Por riba desta altura o peche será vexetal ou tipo malla metálica ou de canizo ata unha altura máxima de 2,50 metros. No caso de parcelas en pendente, permitirase manter puntualmente a mesma altura en tramos horizontais non superiores a dous metros. [...]

4. Os peches deberán situarse como límite extremo na aliñación oficial. [...]”

A súa vez, o artigo 29 da normativa do PBA establece as regras das condicións xerais de edificación reguladas no título mencionado, indicando que resultan de aplicación con independencia da clase de solo na que se asente a edificación, agás que se precise o contrario nas ordenanzas tipo e sen prexuízo da normativa de carácter sectorial que sexa de aplicación.

En definitiva, o artigo 39 do PBA, de aplicación definida no artigo 29 do PBA, inclúese no título “*Condicións xerais da edificación*” e, virtude do seu carácter complementario respecto do planeamento municipal non se aplica se despraza á regulación de idéntico obxecto da normativa urbanística do planeamento municipal.

Sendo así, hai que apuntar que o artigo 310 “*Peches de soares*”, do TÍTULO VI “*Condicións xerais da edificación e das infraestruturas*” da normativa do PXOM de Carballo, establece que “*todos os soares deberán estar pechados segundo as condicións que se sinalan nesta normativa, e de non estar indicado, exixírase un peche permanente de 2 metros de altura executado con material e anchos convenientes para asegurar a súa solidez e conservación en bo estado de acordo as ordenanzas e condicións de edificacións definidas no solo urbano e de núcleo rural. [...]”*. A súa vez, a normativa do PXOM incorpora unha profusa regulación das condicións particulares dos elementos de peche de fincas.

En atención ao sinalado se desprende que non cabe aplicar o artigo 39 do PBA para aqueles supostos nos que o PXOM conteña a regulación das condicións particulares dos



peches de parcela ou, en ausencia dela, corresponda aplicar a norma xeral do seu artigo 310 relativa a peches de soares.

En todo caso, tendo en conta que a competencia para a execución do planeamento se configura como unha función suxeita ao control municipal, segundo os artigos 94.1 da LSG e 219.1 do RLSG, debe ser o concello quen interprete e determine en cada caso concreto si se producen lagoas ou indeterminacións que deben ser complementadas acudindo á regulación prevista no Plan Básico Autonómico ou, no caso de que non existan, aplicar directamente o previsto no seu planeamento urbanístico.

CUARTA.- Sentado o anterior, e naqueles supostos nos que resulte de aplicación complementaria a normativa do PBA, procede analizar se ten a consideración de peche vexetal aos efectos da limitación de altura un suposto no que exista un peche construtivo, e, xusto pola parte interior deste, unha plantación lineal co formato de peche.

Pois ben, o apartado 2 do artigo 38 da normativa do PBA establece unha limitación de altura para peches de parcela con material opaco a 1,50 metros. Por riba desta altura o peche será vexetal ou tipo malla metálica ou de canizo ata unha altura máxima de 2,50 metros, podéndose manter puntualmente a mesma altura en tramos horizontais non superiores a dous metros en parcelas en pendente. Como único condicionante para a vexetación empregada, o apartado 3 do artigo 38 recomenda o uso de especies autóctonas e evitar o uso de especies invasoras.

Interesa que conforme ao apartado 1 do mesmo artigo, con carácter xeral, permítese a construción de elementos de peche dos predios que deberán harmonizar cos peches existentes na contorna. Teranse en conta os exemplos e criterios recollidos na Guía de caracterización e integración paisaxística de valados, en particular, para as actuacións en solo rústico e núcleos rurais. A dita guía analiza a caracterización das tipoloxías tradicionais, con exemplos variados de valados conformados soamente con materiais vexetais, soamente con valados pétreos e solucións mixtas vexetais e construtivas.

O apartado 4 do artigo 38 do PBA establece como única restrición de posición que os peches deberán situarse como límite extremo na aliñación oficial.

Sendo así, resulta evidente que o artigo 38 do PBA non regula unha única solución en materia e posición. E, en consecuencia, nunha interpretación integrada do contido completo do artigo 38 da normativa do PBA, resulta que as condicións de altura reguladas no seu apartado 2 non predeterminan que o peche vexetal deba estar obrigatoriamente integrado no propio material construtivo do peche e, exclusivamente, por riba deste.

Nunha solución mixta, nada obsta a que a masa vexetal poida partir do solo, de xeito que a plantación lineal non coincida co plano vertical do material lineal construtivo, situándose en paralelo polo interior ou exterior deste último, sendo a única condición limitativa do artigo 38 do PBA que se sitúe como límite extremo na aliñación oficial.



Neste suposto, ambos elementos en conxunto constitúen a configuración física do peche da parcela e, en consecuencia, están suxeitos a limitación de altura do apartado 2 do artigo 38 da normativa do PBA.

CONCLUSIÓNS

1.- Ao abeiro do artigo 8 do PBA, este ten carácter complementario do planeamento urbanístico municipal, sendo de aplicación para suplir as posibles indeterminacións e lagoas do planeamento municipal vixente, sen que en ningún caso se poida modificar a clasificación do solo nin alterar as determinacións do planeamento que complementa.

Conforme ao artigo 29 da normativa do PBA, as condicións reguladas no seu TÍTULO III. *Condicións xerais da edificación*, resultan de aplicación con independencia da clase de solo na que se asente a edificación, agás que se precise o contrario nas ordenanzas tipo e sen prexuízo da normativa de carácter sectorial que sexa de aplicación.

O artigo 39.2 da normativa do PBA, relativo á regulación de alturas máximas dos peches de parcelas esta incluído no devandito título, polo que non se aplica se despraza á regulación de idéntico obxecto da normativa urbanística do planeamento municipal.

2.- Do anterior se desprende que non cabe aplicación do artigo 39 do PBA para aqueles supostos nos que a normativa do PXOM de Carballo conteña a regulación das condicións particulares dos peches de parcela ou, en ausencia dela, corresponda aplicar a norma xeral do seu artigo 310 relativa a peches de soares.

O que se informa aos efectos oportunos, facendo constar que, de conformidade co disposto no artigo 16 do Decreto 36/2022, do 10 de marzo, este informe non é vinculante, pero ten carácter interpretativo da norma ou situación obxecto de exame e aplicación.

